Baliñas relata a súa chegada a Santiago aos 9 anos como neno cantor na Catedral, procedente dunha aldea de Quireza. Comenta como a vida eclesiástica era naquel momento un dos pilares da cidade, e como a visión desta nos seus recordos dos anos 30 e 40 o inspiraron a escribir o libro *Compostela, corazón adentro*. Fala tamén da súa percepción de Galicia tras explorar o mundo, e de como a pesar de ter marchado tanto para finalizar os seus estudos coma para exercer a súa profesión, sempre rematou volvendo a súa terra natal. Sobre a Universidade de Santiago di que sempre foi academicamente digna, pero que agora nela créase ciencia e foméntase a investigación, cousa que antes non era posible. Engade que Compostela é, na actualidade, un lugar máis universal, coñecido en toda Europa como a meta dun camiño.

Falan
Falan

<https://www.alumniusc.gal/falan-as-socias-e-os-socios/>

XVI PREMIO de Relato Curto

Batalla campal na feira de Rodiño

Juan Viaño Rei, ex reitor da USC, escribiu o relato “Rodiño 1947 – Relato dun suceso real”, premiado nesta XVI edición do Premio de Relato Curto.

O xurado, conformado polos socios de Alumni USC, Isabel Méndez e David Formoso, o xornalista de El Correo Gallego, Ángel Seijo, e Manuel Fraga en calidade de secretario (con voz, pero sen voto), concederon por unanimidade o Premio a este relato, no cal se narran os sucesos históricos ocorridos en Rodiño (Sergude, Boqueixón). É un relato ben fiado no que, entre a rabia dos veciños das aldeas e parroquias contiguas de hai 75 anos, se desenvolve unha subtrama amorosa.



O presidente de Alumni USC, Agustín Pena, cos membros do xurado

Entrega do XVI Premio de Relato Curto



A lectura do relato e a entrega do premio realizouse na Facultade de Filosofía no mes de setembro.

O luns 12 de decembro a Facultade de Filosofía de Santiago de Compostela acolleu o acto de entrega do XVI Premio de Relato Curto da man de Alumni USC. Nesta edición, o galardón foi concedido á obra “RODIÑO 1947 – Relato dun suceso real”, un texto escrito por Juan Viaño Rey, catedrático en Matemática Aplicada, baseado nos feitos históricos acontecidos nese mesmo ano na Carballeira de Rodiño, localidade onde o seu autor reside.

O xurado, que estivo conformado polos socios de Alumni, Isabel Méndez e David Formoso, xornalista de *El Correo Gallego*, Ángel Seijo, e Manuel Fraga en calidade de secretario (con voz, pero sen voto), decidiron de forma unánime facer merecedor deste premio ao relato de Viaño pola súa capacidade para fiar a narración dos sucesos históricos ocorridos en Rodiño cunha subtrama amorosa.

O acto foi presentado polo propio Manuel Fraga, quen lle cedeu a palabra a Agustín Pena, presidente de Alumni, para dar a benvinda. Este estivo acompañado na mesa polos voceiros Olga Novo (Premio Nacional de Poesía 2020), Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, Rocío Leira (Premio Relato Curto Alumni USC 2018) e Ernesto González Seoane, vicerreitor de Profesorado da USC.

Durante o evento púidose gozar do recital de poemas de Olga Novo e Esther Gamallo, poeta e socia de Alumni. Así mesmo, tamén se proxectou un breve vídeo de testemuños dalgúns integrantes do club de sendeirismo da asociación no Camiño, así como unha reportaxe da TVG sobre os sucesos de Rodiño 1947, en honor ao relato premiado.

Finalmente, fíxoselle **entrega do diploma e do talón do premio a Juan Viaño**, cedéndolle tamén a palabra, quen aproveitou para agradecerlo **renunciando a el en favor da cesión da cuantía ao Premio Humanitas 2022**.



Entrega do Premio HUMANITAS 2022

O día 20 de decembro fíxose entrega do Premio Humanitas un ano máis por parte de Alumni USC en colaboración co Consello Social co obxectivo de destacar as accións solidarias que se organizan en prol do benestar social. Este ano, o recibidor do galardón foi o programa de acompañamento a familias monoparentais Abeiro, que forma parte de Cáritas Interparroquial de Santiago de Compostela.

No acto de entrega, o xurado estivo composto pola presidenta do Consello Social, Cecilia Sierra; o presidente de Alumni, Agustín Pena; a vogal do Consello Social, Nuria Pereira; e Inés Toca, por Alumni, exercendo como secretaria; concedeu de forma unánime o premio a este programa pola súa labor social iniciada no ano 2001. O galardón estaba constituído por unha dotación de 2.000 euros, aportada ao 50% polo Consello Social e Alumni. A esta cantidade sumouse a achega de 500€ do premio de relato curto que gañara Juan Viaño e que decidira doar ao Premio Humanitas.

O premio foi recollido polo director de Cáritas Interparroquial de Santiago, Carlos Juiz, e o director do Programa Abeiro, Javier Salgado, de mans do reitor da USC, Antonio López; da presidenta do Consello Social, Cecilia Sierra; e da vogal deste órgano Colexiado, Nuria Pereira. Os representantes de Abeiro aproveitaron o acto para “trasladar á sociedade a súa vocación solidaria” e felicitar á organización do certame por ofrecer o seu apoio a iniciativas como a súa que contribúen a dar visibilidade e fomentar o labor social.



Charlas e conferencias

Conferencia-coloquio con Henrique Albarellos | 17 febreiro 2022

O 17 de Febreiro, ás 19:30h no Salón de Actos de Filosofía, tivemos o pracer de asistir a unha conferencia-coloquio de Henrique Alvarellos, xornalista, “Os últimos carballos do Banquete de Conxo”. Henrique deu unhas explicacións moi interesantes acerca do Banquete de Conxo do domingo 2 de marzo de 1856, onde houbo “Tres brindes e un carballo milenario”.

Ao coloquio asistiron 20 dos nosos socios e socias, respectando as distancias e medidas da situación sanitaria actual e outros vinte doutros ámbitos da sociedade santiaguesa. Queremos agradecer a Henrique Alvarellos a súa interesante conferencia.



Conferencia de don Daniel Lorenzo | 26 abril 2022

O director da Fundación Catedral, don Daniel Lorenzo realizou o 26 de abril unha conferencia no salón de actos da Facultade de Filosofía. Esta fundación ten como finalidade a promoción e o fomento da Catedral de Santiago de Compostela, poñendo en valor o seu patrimonio artístico-cultural.

A charla versou sobre a restauración e rehabilitación da Catedral de Santiago de Compostela, mirando tamén cara ao seu futuro.



De esquerda a dereita, José Ortigueira, Daniel Lorenzo e Agustín Pena

Vivencias da transición política galega | 22 xuño 2022

Luis Sobrado Fernández, doutor en pedagogía e socio de Alumni USC, impartiu unha conferencia o pasado mércores 22 de xuño, presentada polo doutor Camilo Ocampo Gómez, da Universidade de Vigo.

No Salón de Actos da Facultade de Filoloxía, compartiu as súas experiencias políticas da época da transición, concretamente no quinquenio 1977 a 1982, época na cal exerceu como secretario xeral do partido galeguista (dende 1979 a 1981).



2ª parte da conferencia de Luis Sobrado: “Vivencias políticas da transición en Galicia: no quinquenio 1977-1981” | 28 setembro 2022

O día 28 de setembro, gozamos da segunda parte da Conferencia do noso socio e activo camiñante, Luis Sobrado (doutor en Pedagogía, secretario xeral do Partido Galeguista 1979-1981).

No remate, houbo un coloquio moi interesante –don Luis ten unha memoria prodixiosa– lembrando todo canto pasou hai corenta anos, tanto en Galicia, como en España...



Conferencia do catedrático de Matemática Aplicada da USC, Juan Viaño Rey | 14 outubro 2022

O día 14 de outubro, na Casa do Saber do Campus de Lugo, Juan Viaño Rey, exreitor da USC, pronunciou a conferencia titulada “As matemáticas da miña vida para curiosos e afeccionados”.

O grupo de socios tivo a sorte de escoitar as explicacións do profesor Viaño sobre as matemáticas. Na conferencia estivo presente tamén o vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo, Francisco Fraga López; por parte de Alumni USC fixo a presentación o vicepresidente Carlos Herrero Latorre.





Para saber máis de Antonio Guillén, un talento próximo

O venres 25 de novembro tivemos a sorte de poder contar co catedrático de Bioloxía e Xeoloxía e experto na vida microscópica, Antonio Guillén Oterino, que nos acompañou nun coloquio sobre a vida invisible que habita na auga.

Na mañá do venres, os participantes da actividade pasearon polas beiras do río Sar, non só co fin de gozar da paisaxe, senón tamén tomando mostras da auga das súas ribeiras, para ser posteriormente analizadas no laboratorio de microscopia programado no serán no auditorio da Facultade de Filosofía.

Antonio Guillén, que na actualidade ademais de desempeñar a súa labor científica exerce como profesor de Secundaria, considérase tamén, segundo comentou nunha entrevista coa revista *Spoonful*, un “apaixonado defensor da natureza”, sentimento que lle intenta transmitir ás novas xeracións. Este afán por compartir o valor da divulgación científica deu os seus froitos, xa que Iván Hervías Rodríguez, Marcos Ochoa e Sergio Pascual, algúns dos seus alumnos, foron premiados no *Google Science Fair* do 2012, certame internacional organizado por Google, *National Geographic* e a *Scientific American*, no que participaban máis de 100 países, polo proxecto coordinado polo profesor Antonio Guillén (*La vida oculta del agua*).

Somos afortunados, por ter gozado desta visita excepcional!

2ª Carreira Virtual Solidaria Alumni USC

19-20 febreiro 2022

A fin de semana do 19 e 20 de febreiro, Alumni USC celebrou a súa 2ª Carreira Virtual Solidaria tras o éxito acollido pola primeira. Houbo 112 inscricións e recadáronse 1.046 euros, que foron destinados á Asociación de Esclerose Lateral Amiotrófica (AGAELA), comprometida coa loita en favor das persoas que sofren de ELA e dos seus familiares e coidadores.

A cerimonia de entrega tivo lugar o día 11 de marzo, xunto coa recepción das medallas por parte dos tres primeiros clasificados na carreira das categorías feminina e masculina.

Os gañadores na categoría masculina foron:

- 1- Medalla de Ouro - **Antonio Vázquez**
- 2- Medalla de Prata - **Sebastián Buedo**
- 3- Medalla de Bronce - **Adrián Carballeira**

As gañadoras na categoría feminina foron:

- 1- Medalla de Ouro - **Bárbara Brinquis**
- 2- Medalla de Prata - **Ainhoa Apestegui**
- 3- Medalla de Bronce - **Laura Balboa**



Visita ás Camelias en Flor | 28 marzo 2022

O luns 28 de marzo Alumni USC organizou unha saída para ver as camelias en flor.

Primeiramente realizouse unha visita guiada aos xardíns do pazo de Santa Cruz de Rivadulla. Tras isto os socios e socias tomaron un autobús para se desprazaren ao Pazo de Oca, rematando así cunha visita guiada polo pazo.

O grupo foi guiado por Joaquín Rubal, da empresa Geotour.



Fundación Roberto Rivas | 13 maio 2022

En maio firmamos o Convenio coa Fundación Roberto Rivas, que impulsa o desenvolvemento comunitario co emprendemento social e as comunidades locais.

No mesmo mes, realizouse unha reunión informativa sobre un dos proxectos da Fundación: dd_Territorio, un programa gratuíto de emprendemento social no ámbito rural, pensado para as comarcas do Deza, Tabeirós-Terra de Montes, Arzúa, Santiago, Terras de Melide, Chantada, A Ulloa e O Carballiño.



Reunión co alcalde de Santiago

O martes 3 de maio, Agustín Pena, presidente da Asociación Alumni USC, reuniuse con Xosé Sánchez Bugallo, alcalde da cidade compostelá. Recibiuno no pazo de Raxoi, onde conversaron sobre as distintas actividades da nosa asociación. O Alcalde comprometeuse a dar unha charla sobre a cidade para Alumni USC.



Visita a Estrella Galicia | 6 maio 2022

O venres 6 realizouse unha visita guiada polos 8 sectores de Mega, cunha degustación final dunha boa caña.



Os socios visitan Lugo | 10 xuño 2022

A capital lucense acolleu o 10 de xuño a visita dos socios de Alumni USC. A súa chegada gozaron de tempo libre para visitar os lugares arquitectónicos máis emblemáticos da cidade, como a Muralla romana, a Catedral ou a Domus do Mitreo.

Mentres tanto, os membros da directiva de Alumni USC reuníronse con Francisco J. Fraga López, vicerreitor da USC no Campus de Lugo.

Posteriormente foron xantar ao Polígono do Ceao, a poucos quilómetros do centro da capital.



De esquerda a dereita, Agustín Pena (presidente de Alumni USC), Francisco Fraga (vicerreitor no Campus de Lugo), Carlos Herrero (Vicepresidente de Alumni USC) e Manuel Fraga (xefe de comunicación de Alumni USC)

Despois da comida, os socios realizaron unha visita guiada polas instalacións da empresa Norvento Enerxía, que aposta polo deseño e execución de fórmulas de enerxía renovables, como a eólica ou a hidráulica. Tamén estivo presente D. Carlos Baliñas, quen aos seus 91 anos demostrou estar en plena forma tras un paseo polos muíños eólicos. Tamén visitaron as termas romanas do Miño, acompañados polo director do Balneario, Antonio Garaloces.

O descanso no Balneario de Lugo foi breve, xa que volveron a Compostela cara ao final da tarde.



Os socios ao pé dun dos muíños eólicos. No centro, Carlos Baliñas (Cerdedo-Cotobade, 1930)



Alumni USC dálle ao director do balneario, Antonio Garaloces (á dereita), un agasallo

Visita á Ribeira Sacra | 13 xullo 2022

Saíndo á mañá dende Compostela, un grupo de Alumni visitou a Ribeira Sacra. Pola mañá realizaron unha visita ao Ecomuseo de Arxeriz, situado nun pazo do s. XVII nas Terras do Sanguíño. Os asistentes foron guiados polos interiores do pazo e polo exterior, podendo admirar o castro, o miradoiro e o Cabo Mundo, situados sobre o Miño.

Antes do xantar nunha pulpería de Chantada, foron ver unha adega tradicional, na cal se practica aínda a chamada viticultura heroica.

Pola tarde tiveron tempo de visitar os monumentos máis representativos do municipio, facendo unha ruta polos edificios monacais da Ribeira Sacra. A ruta comeza na igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, e pasa por un mosteiro de monxes beneditinos, o mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Miño (coñecido por ser o obradoiro do mestre Mateo) e remata en Santa María de Nogueira (igrexa de base románica por cuxas pinturas murais é coñecida como a Capela Sixtina Galega).



Camiño Fisterra — Muxía

1ª etapa Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía | 29 xaneiro 2022

O 29 de xaneiro o club de sendeirismo de Alumni USC retomou a súa actividade comezando coa primeira etapa do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía. O Camiño é de 118 km e completárase en 7 etapas.

A primeira etapa foi de Santiago a Ponte Maceira (17 km), saíndo dende a Praza de Obradoiro. Despois do percorrido, algúns dos nosos socios reuníronse para comer no restaurante e outros, comeron un bocadillo que levaron da casa.

Alegrámonos moito de comezar este ano co club de sendeirismo!



2ª etapa Camiño a Fisterra e Muxía | 19 febreiro 2022

O sábado 19 de febreiro o Club de sendeirismo realizou a segunda etapa do Camiño a Fisterra e Muxía. Comezaron a ruta en Ponte Maceira, seguindo polo camiño de Vilaseiro, Negreira, pazo do Cotón, san Xiao, san Mamede, Espiñareiro e finalmente A Pena.

Ao rematar a etapa foron todos comer baixo a carpa de Pulpería Guerra, tendo a opción de xantar tamén cun bocadillo levado da casa.



3ª etapa Camiño a Fisterra e Muxía | 5 marzo 2022

O sábado 5 de marzo o Club de sendeirismo continuou co Camiño a Fisterra e Muxía, percorrendo a terceira etapa, de Vilaserío a Olveiroa. Foi unha etapa de 20 km moi levadeira e atractiva, percorrendo o mítico Xallas, atopando o Encoro da Fervenza, pasando por Vilar de Castro, san Cristovo de Corzón e Ponte Olveira e, finalmente, chegando ao destino de Olveiroa. Coma sempre a etapa finalizou cun xantar para celebrar o percorrido.



4ª etapa do Camiño a Fisterra e Muxía | 19 marzo 2022

O 19 de marzo realizouse a 4ª etapa do Camiño a Fisterra e Muxía, facendo un percorrido dende Olveiroa ata Senade, sendo así uns 16 km. Pasaron por Hospital, Vao Salgueiro, Rego Cheo, Fragoso, Castro, e selaron en Dumbría, xa que os seguintes selos serían todos nas terras de Muxía. O camiño estivo repleto de muíños eólicos, ríos e regatos que captaron a atención dos camiñantes.



5ª etapa do Camiño Fisterra – Muxía | 2 abril 2022

O club de sendeirismo completou o 2 de abril a súa quinta etapa do Camiño de Santiago, cuxo traxecto estaba comprendido entre Fisterra e Muxía.

Os 17 kilómetros desta ruta pasan polas localidades d'A Grixá, Quintáns, San Martiño de Ozón (onde se atopa un dos tres hórreos máis grandes de Galicia) e Merexo. Tras deixar atrás as vistas a Camariñas, chegamos a Chorente, a última aldea antes de baixar por un sendeiro ata a praia de Espiñeirido. Máis tarde entramos en Muxía, camiño do Santuario da Virxe da Barca.

Cerca do santuario mariano tamén localizamos tres pedras que son símbolo da mestura entre a tradición xacobeá e a cultura popular: a pedra de Abalar, a pedra dos Cadrís e a pedra do Timón.



6ª etapa do Camiño Fisterra-Muxía | 23 abril 2022

O sábado 23 de abril os membros do Club de sendeirismo completaron a etapa de Lires a Muxía, finalizando cunha comida xunto á praia de Lourido, no Parador de Muxía. O mérito de ter percorrido este camiño foi recompensado co reparto das Muxianas, cuxos certificados foron entregados por Iago Toba, alcalde de Muxía.



Ao rematar os visitantes puideron gozar dunha visita ao Parador e á súa contorna guiados polo director Julio Castro. Tamén estiveron presentes o presidente de Alumni USC, Agustín Pena, e a escritora Rocío Leira.



Fin do camiño a Fisterra e Muxía | 14 maio 2022

O 14 de maio rematou a nosa andaina a Fisterra e Muxía. Os peregrinos obtiveron a súa Fisterrana e un pin coa Alumníña, a mascota do Club de sendeirismo.



Aida Menéndez e o Camiño de Inverno | 16 xullo 2022

Obituario

16.07.2022 Manolo Fraga (periodista e directivo de Alumni USC)

Falaba con paixón, mesmo con vehemencia, sobre o seu Camiño de Inverno. E digo “o seu”, porque nel envorcou as súas enerxías, desvelos e publicacións. O ano que a Xunta de Galicia fixo oficial este roteiro alternativo ó Cebreiro, en 2016, Aida Menéndez Lorenzo recibíunos xunto aos Escolapios de Monforte. Oito persoas facíamos gozosamente este Camiño e sentiámonos felices por coñecer a súa gran impulsora, poder transmitirlle as nosas sensacións e adquirir exemplares da súa guía, que ela asinaba con gusto.

Aida fundara a finais dos noventa a Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, que hoxe ten máis de catrocentos socios. Tiven a sorte de asistir ao seu vixésimo aniversario na capital de Lemos, que se celebrou, entre outras actividades, coa actuación de Amancio Prada na igrexa da nosa Señora da Antiga. Aquel 27 de abril de 2019 Aida estaba exultante, arroupada por socios, veciños, amigos e dous conselleiros –Conde e Román–, entre outras autoridades.

Pero a nosa relación gañou enteiros cando, dende a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC) nos embarcamos na produción dunha mostra fotográfica do Camiño de Inverno, titulada Lugares únicos, heroínas e anfitrións, así como en volver á ruta que comeza en Ponferrada; aínda que nesta ocasión o grupo creceu ata superar a trintena de participantes. O autor das fotos, José Manuel Ortigueira, decidiu incluír os presidentes das asociacións do camiño implantadas no seu trazado. E así quedou inmortalizada Aida Menéndez, como unha das heroínas do Camiño de Inverno. Ela acompañounos nos actos de inauguración da mostra en Santiago e Monforte, aproveitando a ocasión para comentar a evolución da ruta. A súa principal reivindicación era a construción de albergues, unha instalación imprescindible para consolidala. Pero tamén demandaba, como todos os peregrinos, a apertura das igrexas. E cando menos, sinalaba tres: San Miguel de Montefurado, San Vicente do Piñeiro e San Paio de Diomondi. Á beira desta última igrexa, situada antes de descender ao Miño polos chamados cóbados de Belesar, frutificou o albergue onde os peregrinos dormen xunto a tumbas medievais.

No catálogo da citada exposición, Aida asina un texto no que tamén expón a creación en Monforte de “un centro de acollida de peregrinos que servise, ao mesmo tempo, de centro de interpretación da ruta e de biblioteca xacobeá”, unha infraestrutura conveniente, sen dúbida, en aras do asentamento da peregrinación e camiñantes por este itinerario –que é dunha beleza extraordinaria–, e a propia difusión do universo xacobeo. O legado desta muller emprendedora, que foi enterrada hai uns días en Barbadás (Ourense), onde naceu, é vasto e transcendental. Desde Alumni USC, da que tamén era socia Aida, lamentamos profundamente a súa perda. Agora toca que alguén sexa capaz de coller a testemuña e, con similar alento, seguir tirando do carro. Porque Aida Menéndez era a Elías Valiña do Camiño de Inverno.

Pero de momento o Camiño de Santiago está de loito.

Camiño Inglés

1ª etapa Camiño Inglés | 17 setembro 2022

O sábado 17 de setembro, o Club de sendeirismo de Alumni USC comezou o Camiño Inglés coa 1ª etapa: Ferrol-Neda (15 km) e acadou o mellor resultado de camiñantes: Setenta e cinco socios e amigos de Alumni USC camiñaron ata Neda, sen contratempos.

Segundo o programa da xornada, os camiñantes xantaron na Malata (*Feira de Mostras de Ferrol*) e guiados por Isabel (*Guías de Ferrol*) fixeron un percorrido marítimo pola Ría, desembarcando no peirao do Castelo de San Felipe para gozar dun demorado e fascinante percorrido por todo o Castelo (propiedade do Concello de Ferrol).



Con todos na lancha *Rías Altas I*, retornando a Curuxeiras-Ferrol, fíxose unha homenaxe á nosa presidenta de honra Benita Silva Hermo (finada o 24 de agosto). O presidente de Alumni USC leu unha emotiva carta redactada -o mesmo día do pasamento- pola socia Julia Melgar. Logo ceibou, na Ría de Ferrol, a credencial peregrina de Benita Silva Hermo... por sempre na nosa memoria!



2ª etapa Camiño Inglés | 8 de outubro

O 8 de outubro, preto de sesenta camiñantes chegaron, felices, a Pontedeume -desde Neda- na segunda etapa do Camiño Inglés.

Pasando por Fene e Cabanas, atravesaron a Ponte e diante do Torreón fixeron a foto do Grupo. Foi unha xornada memorable, xantando nos Muíños e culminada cunha visita guiada pola Vila con Silvia: o mellor agasallo do Concello de Pontedeume, para Alumno USC.



3ª etapa Camiño Inglés | 9 novembro 2022





“Hai un entusiasmo contaxioso, nesta actividade do club de sendeirismo de Alumni USC, que nos dá moita moral. Nunca baixamos dos sesenta camiñantes. En cada etapa descúlpense os que non veñen, e aparecen novos andantes!” – Presidente

Na terceira: Pontedeume-Ponte do Porco (Miño) saímos de Pontedeume e logo dalgunha subida dificultosa, pasamos a Ponte Baxoi para chegar á Ponte do Porco.



A desembocadura do Lambre é reserva da biosfera. Un tesouro!
e que dicir do Pazo de Mariñán?

O Pazo de Mariñán está nas ribeiras do Mandeo.



E unha alfaia que acubilla desde Teixos centenarios
ata a memoria de Frei Rosendo Salvado

Estamos no bo Camiño!

<https://turismo.dacoruna.gal/gl/descubre/patrimonio-provincial/pazo-de-marinan>

4ª etapa do Camiño Inglés | 12 novembro 2022

Este 12 de novembro os membros do club de sendeirismo de Alumni USC puxéronse en marcha para completar a cuarta etapa do Camiño Inglés: de Ponte do Porco (Miño) a Betanzos.

Sáímos do esteiro do Lambre, nunha fermosa mañá de outono. Atravesamos a Ponte mítica, onde naceu a lenda de Roxín Roxal.

Desde Vilademeus-Souto, as vistas son únicas: ao noso carón o Mandeo, coas súas xunqueiras. Ao lonxe... Meirama.

Unha parada en San Martiño de Tiobre (aquí naceu Betanzos). E, de camiño, a imponente portada de Nosa Señora dos Remedios. Baixando, na mesma calzada, unha adega histórica dos Loureiros.

E chegamos a Betanzos! E gozamos da súa historia! Estamos (seguimos) no bo camiño!



5ª etapa do Camiño Inglés: Betanzos – Presedo (Abegondo)

E... si! No derradeiro sábado de novembro, o Apóstolo cumpriu o seu compromiso: nada de chuvia para percorrer os 15 km que camiñamos desde Betanzos ata Presedo.

Sáímos pola ponte do Mendo, o outro río betanceiro. Cada vez que saímos, subimos. Máis o que ollamos, desde a altura, paga a pena. Xa na chaira, as canas de millo déixannos ver, ao lonxe -no castro- a igrexa de Santiago de Meangos, Abegondo. E chegamos ao Mesón Museo Xente no Camiño, de Presedo. Este Mesón Museo é unha orixinal creación de Alfredo Erias. Un artista único. Ollade a decoración, coa temática medieval dos Andrade -sempre presentes neste Camiño-.

Despois de xantar, tarde de lecer nas Travesas (Carral). Visitando Finca Villanustre, unha impresionante explotación gandeira, onde tiramos a foto de grupo.

Estamos –seguimos!– no bo camiño.

Neste ano 2022, Alumni USC publicou o número 45 da revista FONSECA, recollendo o máis salientable da nosa actividade anual.



Federación Alumni España

Este ano celebrouse a Asemblea Xeral Ordinaria en Jaca, o 21 e 22 de outubro.

A Asemblea foi organizada como o ano pasado por Agraluz. Este ano foi presencial, polo que Alumni USC non tivo a oportunidade de asistir.

Foro Cívico de Santiago

Alumni USC forma parte do Foro Cívico de Santiago. Este Foro integra colectivos profesionais e organizacións sociais, tratando múltiples temas estratéxicos para a cidade de Santiago de Compostela.

Museo Casa da Troia

Alumni USC leva formando parte do Padroado do Museo Casa de La Troia dende os anos 90, e segue colaborando co Museo.

O 28 de decembro fíxose a reunión anual do Padroado. Véxase web do Museo.



Comisión Cidadá do Xardín Botánico

Alumni USC segue pertencendo á Comisión Cidadá para impulsar o proxecto do Xardín Botánico en Santiago de Compostela. Debido á situación sanitaria, non foi posible facer reunións presenciais nin grandes avances.

Alumni confía que no 2023 será posible retomar co proxecto.

Casino de Santiago

No mes de maio o Casino de Santiago fixo posible a Exposición dunha selección do proxecto fotográfico impulsado por Alumni USC e patrocinado polo programa *O Teu Xacobeo* da Xunta de Galicia.

Son unhas 20 imaxes saídas do obxectivo de José Manuel Ortigueira, que abren panorámicas paisaxísticas e monumentais como os Escolapios de Monforte de Lemos, coñecido como o Escorial galego.

Pero o singular desta mostra, que estivo completa o ano pasado no hotel Oca Porta do Camiño, son os retratos das «heroínas e anfitrións» que viven e traballan en plena ruta xacobeá. Entre outros, aí están os presidentes das entidades comarcais que velan polo Camiño. Á sazón: Saturnino Astandoa (Bierzo), Asun Arias, Ramón García (Valdeorras), Aida Menéndez, ata que faleceu, (Lemos), así como Ramón Vila (director do Museo Etnográfico de Quiroga), Susana García (hostaleira da casa rural Torre Vilariño) ou Daniela Vázquez (guía do Ecomuseo Pazo de Arxeriz).

Tamén aparecen un par de santiagueses: Francisco Javier Almuíña (afincado na Ribeira Sacra como guía e titular de Casa Romualdo) e José Rúa (coronel retirado que fixo a pé 14 veces este itinerario xacobeo).

A colaboración entre Alumni USC —presidida por Benita Silva—, e a Asociación Cultural Casino de Santiago —por Ubaldo Rueda— permitiu acercar o evento ao centro da cidade.



Fundación Roberto Rivas

A Fundación Roberto Rivas é unha organización cunha misión centrada no desenvolvemento sostible e no emprendemento social no medio rural. O seu obxectivo é promover oportunidades de arraigo da poboación nos territorios e garantir o seu benestar e dereitos. Ao ser unha organización sen ánimo de lucro, o seu traballo parece estar impulsado por unha motivación social e comunitaria.



Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA